



# O MUSEO EN CAMIÑO

ACTIVIDADE 6

***O meu peregrino***

# ACT. 6

## O meu peregrino

### FICHA TÉCNICA DA OBRA

**Título:** *Santiago peregrino*

**Autor/a:** Anónimo

**Data:** S. XVII

**Técnica:** Talla en madeira con acabado policromado



A escultura de *Santiago peregrino* é unha talla en madeira que representa o apóstolo. Cómpre distinguir as tres maneiras de recoñecer e representar o apóstolo Santiago ao longo do tempo: como peregrino, o Santiago sedente (non segue reproducíndose máis alá do século XV) e o Santiago cabaleiro, chamado Santiago Matamouros.

A representación do apóstolo Santiago o Maior foi dende a Idade Media unha das máis diversas da iconografía cristiá. Ao longo do tempo foi reflectindo a diversidade de usos e modas na vestimenta segundo as épocas e as zonas xeográficas onde as imaxes eran elaboradas.

## ACTIVIDADE

Actividade divulgativa para coñecer as diferenzas entre o pasado e o presente do Camiño de Santiago e mais a simboloxía e os atributos do peregrino medieval, combinada cunha actividade de escultura.

### Para que?

- Achegar os elementos da iconoloxía referida ao peregrino a través dos atributos e os símbolos.
- Coñecer e reflexionar acerca das diferenzas entre épocas históricas.
- Recoñecer o corpo humano: partes e proporcións.

- Experimentar coa técnica de modelaxe con masilla.

### Contidos

- Períodos da historia: Idade Media.
- Modos de vida, comportamento. Pasado e tradición.
- Experimentación plástica: modelaxe e volume.
- O corpo e a figura humana.

## Como se fai?

### 1.º Actividade de coñecemento:

descuberta dos atributos e a simboloxía do peregrino empregando o mapa visual.

**2.º Actividade de modelaxe:** creación dun peregrino ou dunha peregrina, comezando coa elaboración de debuxos previos para logo centrarse na modelaxe da escultura.

## Duración

1:30 h.

## Agrupamentos

Grupos de dúas ou catro persoas.

## Materiais e recursos

Masilla e ferramentas básicas de modelaxe, lapis, papel.

Mapa visual do peregrino.

